

delegadas conforme o establecido no artigo 5 e) da Orde do 3 de febreiro de 2005 (DOG nº 26, do 8 de febreiro), sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde, resolve proceder ao anuncio da convocatoria para a vinculación temporal de dous médicos de urxencias hospitalarias.

A citada convocatoria estará exposta nos taboleiros de anuncios do centro hospitalario.

As solicitudes poderán presentarse no rexistro xeral do complexo hospitalario no prazo de vinte días naturais contados desde o día seguinte ao da súa publicación no DOG.

Pontevedra, 28 de outubro de 2005.

José Rey Aneiros
Xerente xeral do Complexo Hospitalario
de Pontevedra

Resolución do 28 de outubro de 2005, da Xerencia Xeral do Complexo Hospitalario de Pontevedra, pola que se anuncia convocatoria para a vinculación temporal dun médico de admisión e documentación clínica.

A Xerencia Xeral do Complexo Hospitalario de Pontevedra, en virtude das atribucións que lle foron delegadas conforme o establecido no artigo 5 e) da Orde do 3 de febreiro de 2005 (DOG nº 26, do 8 de febreiro), sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde, resolve proceder ao anuncio da convocatoria para a vinculación temporal dun médico de admisión e documentación clínica.

A citada convocatoria estará exposta nos taboleiros de anuncios do centro hospitalario.

As solicitudes poderán presentarse no rexistro xeral do complexo hospitalario no prazo de vinte días naturais contados desde o día seguinte ao da súa publicación no DOG.

Pontevedra, 28 de outubro de 2005.

José Rey Aneiros
Xerente xeral do Complexo Hospitalario
de Pontevedra

Resolución do 28 de outubro de 2005, da Xerencia Xeral do Complexo Hospitalario de Pontevedra, pola que se anuncia convocatoria para a vinculación temporal dun facultativo especialista de área de cirurxía xeral e do aparello dixestivo.

A Xerencia Xeral do Complexo Hospitalario de Pontevedra, en virtude das atribucións que lle foron delegadas conforme o establecido no artigo 5 e) da Orde do 3 de febreiro de 2005 (DOG nº 26, do 8 de febreiro), sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego

de Saúde, resolve proceder ao anuncio da convocatoria para a vinculación temporal dun facultativo especialista de área de cirurxía xeral e do aparello dixestivo.

A citada convocatoria estará exposta nos taboleiros de anuncios do centro hospitalario.

As solicitudes poderán presentarse no rexistro xeral do complexo hospitalario no prazo de vinte días naturais contados desde o día seguinte ao da súa publicación no DOG.

Pontevedra, 28 de outubro de 2005.

José Rey Aneiros
Xerente xeral do Complexo Hospitalario
de Pontevedra

Resolución do 10 de novembro de 2005, da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional, pola que se declaran, con carácter definitivo, os aspirantes admitidos e excluídos á entrevista da fase de provisión do proceso extraordinario de consolidación de emprego da categoría de técnico superior en psicología e se lles convoca para a súa realización.

A base décimo cuarta da orde da Consellería de Sanidade do 20 de maio de 2002 (DOG nº 105, do 3 de xuño), pola que se convoca proceso extraordinario de consolidación de emprego para a selección e provisión de prazas de persoal estatutario das institucións sanitarias dependentes do Servizo Galego de Saúde da categoría de técnico superior en psicología, dispón que á vista das peticións de reparación presentadas, a División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Servizo Galego de Saúde publicará no *Diario Oficial de Galicia* as listaxes definitivas de admitidos e excluídos á entrevista por centros ou complexo hospitalario, así como o lugar, a data e a hora de realización da entrevista. Para este efecto, a estimación ou desestimación das devanditas peticións de reparación entenderanse implícitas na citada publicación.

Por todo iso, esta división

RESOLVE:

Primeiro.-Declarar, con carácter definitivo, os aspirantes admitidos e excluídos á entrevista da fase de provisión do proceso extraordinario de consolidación de emprego para a selección e provisión de prazas de persoal estatutario das institucións sanitarias dependentes do Servizo Galego de Saúde convocado pola orde da Consellería de Sanidade do 20 de maio de 2002 (DOG nº 105, do 3 de xuño), da categoría de técnico superior en psicología.

Segundo.-As listaxes coa relación de aspirantes admitidos e excluídos poderán examinarse nos taboleiros de anuncios dos servizos centrais e periféricos da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de

Saúde, nos dos centros de xestión de atención primaria e especializada do Servizo Galego de Saúde e na páxina web do Sergas (www.sergas.es).

Terceiro.-Convocar os aspirantes admitidos con carácter definitivo para a realización das entrevistas, no edificio administrativo do Servizo Galego de Saúde, en San Lázaro s/n de Santiago de Compostela, coa seguinte distribución:

Día 24 de novembro de 2005, ás 9.00 horas: C. H. Juan Canalejo, C.H.A. Marcide-Nova Santos, C. H. Universitario de Santiago, C.H. Xeral-Calde.

Día 24 de novembro de 2005, ás 16.30 horas: H.C. da Costa-Burela, H.C. de Monforte, C.H. de Ourense, H.C. Valdeorras, C.H. Universitario de Vigo, C.H. de Pontevedra.

Cuarto.-Os participantes deberán presentarse á entrevista para un dos centros ou complexos hospitalarios para os que estean admitidos.

Os participantes que non procedan da fase de selección que non se presenten á realización da entrevista para un dos centros ou complexos hospitalarios nos que estean admitidos, decaerán nos seus dereitos, sen que se lles poida adxudicar praza ningunha, e manterasen, se é o caso, na súa praza orixinaria e nas mesmas condicións, sen prexuízo do establecido a continuación para os reingresados provisionais.

Os participantes que se atopen en situación de reingreso provisional ao servizo activo que non se presenten á realización da entrevista para un dos centros ou complexos hospitalarios nos que estean admitidos, serán declarados de oficio en situación de excedencia voluntaria.

Os participantes procedentes da situación de persoal estatutario en expectativa de destino que non se presenten á realización da entrevista para un dos centros ou complexos hospitalarios nos que estean admitidos, decaerán nos seus dereitos, sen que se lles poida adxudicar praza ningunha perdendo a súa situación de persoal estatutario en expectativa de destino.

Quinto.-Os participantes na fase de provisión que estean admitidos para a realización da entrevista en varios centros ou complexos hospitalarios tan só poderán presentarse á realización súa nun único centro, entendéndose que optan polo primeiro centro ou complexo hospitalario a cuxa entrevista se presenten en primeiro lugar, de tal xeito que non poderán presentarse á entrevista noutro.

No caso de presentarse á entrevista en máis dun centro ou complexo hospitalario decaerán nos seus dereitos nos termos establecidos no punto cuarto anterior.

Sexto.-O persoal que como consecuencia da súa participación na fase de selección correspondente a máis dunha categoría ou, se é o caso, especialidade, accedese á situación de persoal estatutario en expectativa de destino en máis dunha delas, unicamente

poderá participar na fase de provisión nunha soa categoría ou especialidade.

Por todo iso, aqueles que estean admitidos para a realización das entrevistas en máis dunha categoría ou especialidade, entenderase que optan por aquela a cuxa entrevista se presenten en primeiro lugar, de tal xeito que non se poderán presentar á entrevista na outra categoría ou especialidade.

No caso de presentarse á entrevista en varias categorías ou especialidades, decaerá nos seus dereitos perdendo a súa situación de persoal estatutario en expectativa de destino na segunda categoría ou especialidade en cuxa entrevista participou.

Sétimo.-Esta resolución poderá ser impugnada polos interesados nos termos previstos no número 3 da base vixésimo primeira das respectivas convocatorias.

Santiago de Compostela, 10 de novembro de 2005.

Antonio José Fernández Paniagua
Director xeral da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional

Resolución do 11 de novembro de 2005, da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional, pola que se anuncia a resolución provisional do segundo procedemento de provisión da categoría de médico de familia de atención primaria do proceso extraordinario de consolidación de emprego deste servizo.

A base décimo sétima da Orde do 15 de febreiro de 2002 (DOG nº 40, do 25 de febreiro), pola que se convoca proceso extraordinario de consolidación de emprego para a selección e provisión de prazas de persoal estatutario das institucións sanitarias dependentes do Servizo Galego de Saúde, establece a posibilidade de realizar un segundo proceso de entrevistas para asignación de destinos na fase de provisión e mesmo un terceiro chamamento para elixir destinos sobrantes.

Polo tanto, realizado polo tribunal da categoría de médico de familia de atención primaria o segundo procedemento da fase de provisión, a División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Servizo Galego de Saúde

RESOLVE:

Primeiro.-Publicar, con carácter provisional, as puntuacións obtidas polos aspirantes que participaron no segundo proceso na fase de provisión do proceso extraordinario de consolidación de emprego para a selección e provisión de prazas de persoal estatutario das institucións sanitarias dependentes do Servizo Galego de Saúde, convocado pola Orde do 15 de febreiro de 2002 (DOG nº 40, do 25 de febreiro), da categoría de médico de familia de atención primaria.